

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Cid Vera, Luis Saúl
Couto Cancela, Daniel
Diz Folgar, Manuel
Gil Hidalgo, Paula
González López, Raquel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar

INVITADO

Torres Pérez, Francisco José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 01 de febreiro de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 01 de febreiro de 2021 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria anterior, do luns 21 de decembro do 2020, e da acta da sesión extraordinaria, do mércores 27 de xaneiro do 2021.

Non se recibiron propostas de emenda en tempo e forma: apróbanse ambas por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre unha serie de cuestións diversas, en primeiro lugar:

- Presentouse o informe sobre novas titulacións, baseado en mestrados. 30 propostas, das cales 15 xa están implantadas. O reitor fala dunha anomalía: unha titulación grao/mestrado: Intelixencia artificial.
- Informa sobre a sesión da CRUE do 26 de xaneiro de 2021:
- Falouse de creación de novas áreas de coñecemento. En avaliación, pero posible.
- Grados novos. Vólvese á concepción fundamental de graos de 240 créditos.
- Estatuto do PDI. Non vai a aparecer, estará na Lei de Universidades.
- O Ministro prometeu un 15% de prazas para promoción de asociados a figuras estables.
- Hai pre-proxecto de lei da Formación Profesional con pasarelas á universidade.
- Sexenios para o PDI contratado temporal: hai sentenzas, pero están en casación.
- A presidenta de ANECA amosa a súa disposición a avalialos (obviamente, pagando as universidades).
- Selo internacional de política inclusiva.
- Sexenio de transferencia: adiado polo de agora.
- Consello de Desenvolvemento Sostible: Tentarase ir avanzando.
- Agenda Aduana: 400 M€ para as universidades españolas, repartirase por campus en función de infraestruturas, eficiencia enerxética, ciencias da saúde. Vai coordinar esta acción Salustiano Mato.
- European Open Science Cloud (EOSC): para compartir datos de investigación na rede. Estanse pedindo cantidades de cartos enormes para hardware e software para partillalos datos de proxectos europeos.
- REBIUN: finalmente aprobouse incorporala como rede asociada na sectorial de I+D+i.
- Datos desagregados de fenda salarial nas universidades. Participa a Uvigo (22 universidades). Teremos datos a finais de febreiro.
- Next Generation – universidades. Participados por dous ministerios. 7 liñas do Ministerio de Economía, 1 de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Proxectos para os anos 21, 22 e 23, os fondos serán entre 143 M€ e 165 M€. Están preparando as convocatorias. Hai previsión de 16 proxectos que irán promovidos por CRUE – TIC (de transformación dixital). Os proxectos terán que ver con infraestruturas, software, docencia dixital. Todavía quedan aspectos por definir.
- Proposta da CRUE para fondos de resiliencia. “Transformar os campus para transformar a sociedade”. Pídense moitos cartos para a universidade, plantexan xanela única. Plantéxase ó Goberno de España, se vai adiante, poderíamos ter información a finais do 2021.

- Next Generation, programas de persoal:
 1. Programa para xoves (María Zambrano)
 2. Programa de Recualificación do profesorado (profesorado permanente non catedráticos)
 3. Programa de captación de talento (Margarita Salas)Estes programas permitirían inxectar cartos para política de persoal mentras duren os fondos.

Informa asemade sobre certos acordos transformativos:

- CRUE, CSIC e a mesa de consorcios bibliotecarios, negociación coas principais editoriais: Elsevier, Springer, Wiley y ACS.
- Reducir coste, baza económica (crisis). Actualmente “pagar por ler” e “pagar por publicar”
- Transformación das súas licencias de acceso a revistas-e en acordo do tipo “pagar por ler e publicar” (famosas APC’s). Negociación dura, con bo avance, algunha xa aceptou.
- Pasar a un 70-90% de acceso aberto. Elsevier, Springer e ACS xa convencidas.
- Contratos vencidos: risco de corte de acceso.
- Plans de continxencia (ResearchGate, Unpaywall, préstamo interbibliotecario).

Fala tamén da campaña do boli violeta de Industriais:

- Campaña que, aínda co erro de agochar a menstruación, está ben intencionada. O alumnado quería poñer o énfase nas dificultades de atopar produtos de hixiene feminina nos campus.
- Cando houbo ruído nas redes, impecable resposta da delegación, desligando á institución e facéndose responsable do erro cometido.
- Esperamos que a campaña poda servir para solucionar o tema da non dispoñibilidade de tampóns e compresas nos centros.

Informa sobre a situación das obras de xeotermia no Campus de Ourense, que van a bo ritmo.

En canto á situación da pandemia:

- Xuntanza cos conselleiros de Sanidade e de Educación.
- Contacto telefónico con persoas da Consellería antes do anuncio do Presidente do cambio de escenario.
- Xuntanza cos directores e decanos dos Centros esa mesma tarde.
- Redacción de Resolución Reitoral despois da publicación das medidas no DOG.
- Modificacións das RR baseadas en consultas posteriores á Consellería (practicum, prácticas sanitarias)
- Dispostos para traballar (centros e vicerreitorías) para facelo o mellor posible ante os distintos escenarios... e axustar calendario.
- Conclúe informando sobre os datos da pandemia en relación coa Universidade, mostrando unha serie de gráficos.

3. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2021/22.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (en diante, VOAP) quen comeza indicando que a convocatoria é moi semellante á do curso actual, agás en tres cambios:

- Presentación na Sede Electrónica.
- Inclusión dos sexenios de transferencia no baremo: 2 puntos por cada sexenio de investigación ou transferencia de coñecemento contabilizados a 31/12/2020.
- Paso de 2 a 3 tramos na valoración de cargos académicos:
 - Últimos 10 anos: 100%
 - De 10 a 20 anos: 75%
 - Máis de 20 anos: 50%

Apróbase por asentimento a convocatoria de anos sabáticos para o curso 2021/2022.

4. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2022/2023.

O reitor cede novamente a palabra ao VOAP, quen pasa a expoñer os seguintes cadros:

ANEXO I: Calendario e procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de Grao e Máster para a súa implantación no curso 2022/23

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2021)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Xunta de Centro Equipo de Goberno	Ata o 19 de febreiro Ata o 12 de marzo	- Envío por Correo electrónico ¹ dos seguintes documentos: 1. No caso de solicitudes de verificación, declaración de interese, memoria xustificativa e memoria económica segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, declaración de interese e memoria económica segundo formato normalizado.
Difusión á comunidade universitaria	VOAP/SXEG/SXEP		- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional	COAP e Consello de Goberno	Ata o 12 de marzo Ata o 9 de abril	- Acordo da COAP e do Consello de Goberno
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente	Xunta de Centro	Ata o 8 de maio Ata o 7 de maio	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Aprobación da memoria inicial			
Remisión da documentación da proposta á Reitoría	Secretaría/o do centro	Ata o 8 de maio Ata o 10 de maio	- Envío por correo electrónico ¹ dos seguintes documentos: 1. Copia da memoria de verificación subida á plataforma do Ministerio. Memoria de verificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa segundo formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria no centro/titulación. 5. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria no web da Universidade	VOAP/SXEG/SXEP	Mínimo 15 días naturais	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico ¹
Avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico	SXEG/SXEP	Durante o prazo de exposición pública Ata o 2 de xuño	- Dende os Servizos revisaranse as propostas - Envío do informe técnico por correo electrónico ás direccións de centros, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	Xunta de Centro	Ata o 23 de xuño Ata o 16 de xuño	- Segundo o establecido pola Xunta de Centro
Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG (Grao) ou ao SXEP (Máster)	Secretaría/o do Centro	Ata o 26 de xuño Ata o 18 de xuño	- Envío por correo electrónico ¹ dos seguintes documentos: 1. Copia da memoria de verificación subida á plataforma do Ministerio. Memoria de verificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa segundo formato normalizado. 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva no centro/titulación. 5. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 6. Documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Informe da COAP	COAP	Xullo 2021	
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Xullo 2021	
Informe do Consello Social	Consello Social	Xullo 2021	
Envío da solicitude da proposta a Consellería	VOAP	Xullo 2021	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título SXEG/SXEP/VOAP	1 de setembro a 25 de outubro de 2021	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao MECO

Tramitación pola Universidade de Vigo			
Actividades	Responsable	Datas (2021)	Formalización
Presentación da declaración de interese	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²) Grupos/equipos de investigación Equipos de Goberno	Ata o 19 de febreiro Ata o 12 de marzo	- Correo electrónico a aido.verifica@uvigo.es segundo formato normalizado
Difusión á comunidade universitaria	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ISXEP		- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Valoración e aprobación, se procede, da adecuación da proposta aos requisitos xerais e á estratexia institucional	EIDO e Consello de Goberno	Ata o 12 de marzo Ata o 9 de abril	- Acordo do Consello de Goberno previo informe da Comisión Permanente da EIDO
Elaboración da memoria inicial segundo os requisitos establecidos na normativa vixente Aprobación da memoria inicial	Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD ²)	Ata o 8 de maio Ata o 7 de maio	- Segundo o establecido na propia CAPD
Remisión da documentación da proposta á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 8 de maio Ata o 10 de maio	- Envío por correo electrónico (aido.verifica@uvigo.es), en versión editable , dos seguintes documentos: 1. Copia da memoria de verificación subida á plataforma do Ministerio. Memoria de verificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria na CAPD 5. A documentación que proceda (convenios, cartas de apoio, etc.)
Exposición pública á Comunidade Universitaria na web da Universidade	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ISXEP	Mínimo 15 días naturais	- Publicación na páxina web da Universidade e comunicación á comunidade universitaria
Recollida de alegacións	EIDO	Durante o prazo de exposición pública	- As alegacións pódense presentar mediante correo electrónico a aido.verifica@uvigo.es
Avallación da memoria inicial e remisión á CAPD do informe técnico	EIDO	Durante o prazo de exposición pública Ata o 2 de xuño	- Dando a EIDO revisáranse as propostas de programas de doutoramento - Envío do informe técnico por correo electrónico aos/as coordinadores/as, indicando os aspectos que se deban matizar ou modificar
Aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións	CAPD	Ata o 23 de xuño Ata o 16 de xuño	- Segundo o establecido pola CAPD
Remisión da documentación da proposta definitiva á EIDO	Secretario/a da CAPD	Ata o 26 de xuño Ata o 18 de xuño	- Envío por correo electrónico (aido.verifica@uvigo.es) en formato WORD dos seguintes documentos: 1. Copia da memoria de verificación subida á plataforma do Ministerio. Memoria de verificación segundo formato normalizado. 2. No caso de solicitudes de modificación, copia do documento resumo das modificacións. 3. Memoria xustificativa segundo formato normalizado 4. Acordo de aprobación da memoria definitiva na CAPD 5. Informe de alegacións e respostas a todas as alegacións presentadas 6. A documentación que proceda
Informe da EIDO	EIDO	Xullo	Incorporar á documentación do paso anterior, para Consello de Goberno
Aprobación da proposta	Consello de Goberno	Xullo	
Informe do Consello Social	Consello Social	Xullo	
Envío da solicitude da proposta á Consellería	VOAP	Xullo	
Subida da memoria do título a sede electrónica do Ministerio	Responsable do título/EIDO/ SXEP	1 de setembro a 25 de outubro de 2021	Incorporación das memorias dos títulos aprobados na sede electrónica e remisión da documentación ao MECD

Apróbanse por asentimento o calendario e o procedemento propostos.

5. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2021/22.

O reitor cede a palabra ao VOAP quen comeza indicando que a convocatoria é moi semellante á do curso actual, agás en estes cambios:

- En aras de manter unha estabilidade na PDA, se nalgún centro a diferenza entre a PDA calculada para o curso 2021/22 segundo os criterios establecidos na presente normativa e a asignada para o curso 2020/21 é menor do 5% en valor absoluto, manterase a mesma PDA aprobada polo Consello de Goberno para o curso 2020/21.
- No caso de que sexa preciso axustar a PDA por non cumprirse o requisito indicado no parágrafo anterior, o axuste modularase tendo en conta a diferenza entre o TMG real e o TMG obxectivo da titulación. Para este cálculo tomarase como TMG obxectivo 30 ou 35, en función do grao de experimentalidade da titulación definido no Plan de Financiamento do SUG.

De seguir co modelo actual, o resultado sería o seguinte:

- Modificacións de PDA en 19 centros
- Total de modificacións: -1.470 horas
- Variación total PDA graos: -0,82%

De aceptar a proposta da VOAP, o resultado sería o seguinte:

- Modificacións de PDA en 5 centros
- Total de modificacións: -110 horas
- Variación total PDA graos: -0,06%

Asemade, as optativas que leven dous cursos sen matrícula de estudantes propios deberán substituírse por outra; e os grupos de inglés que leven dous cursos sen matrícula de estudantes propios non se seguirán ofertando.

En canto á bolsa de horas, propón:

- 50 puntos adicionais por coordinación de titulación interuniversitaria.
- Inclusión dos criterios para os 2000 puntos de captación de alumnado.

Susana Reboreda pregunta pola posibilidade de unir áreas e o VOAP responde que iso é na fase de POD.

Iñigo Cuiñas quere que se traten de adecuar as datas para que os prazos estean coordinados e non dificultar as peticións dos centros. O VOAP recolle a proposta a tentará de facelo.

Francisco Rodríguez, director da Escola de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense, comenta que o ano pasado cambiaron dúas materias no plan e que non se lles incluíu ningún alumno como repetidor e solicita que se inclúa no 15% que lle corresponde ao centro. Quéixase do TMG e opina que a modificación é substancial, dado que o que se mirará son as horas do PDA e o cambio do 5%. No seu centro van eliminando horas de impartición e di que a cousa cambia moito se desaparece o TMG e propón unha fórmula alternativa. O VOAP indica respecto á primeira cuestión que sucede o mesmo que en anos anteriores, aínda que admite unha particularidade do centro de Francisco Rodríguez (a Escola Superior de Enxeñaría de Informática); préstase a facer axustes adicionais, se procede algún cambio puntual. En relación co TMG o VOAP pregunta polo cambio proposto e Francisco Rodríguez o aclara (pensa que non debería modificarse o seu TMG). O VOAP aclara que no seu caso aplicaríase unha subida no TMG.

Apróbanse por asentimento os criterios para a elaboración da PDA.

6. Aprobación, se procede, do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2021/22.

O reitor cede a palabra ao VOAP que expón o cadro da bolsa de horas para 2020/21

Centros	9052,24	9050
Máster	2458,92	2500
Doutoramento	1437,58	1450
Campus Excelencia	486,00	480
	13434.74	13480

E, de seguido, o cadro da bolsa de horas para 2021/2022

Centros	9052,24	9050
Máster	2458,92	2500
Doutoramento	1437,58	1450
Campus Excelencia	486,00	480
	13434.74	13480

Propón un incremento neste ano, que inicie unha senda que continúe cara ao curso seguinte, de ser posible.

Apróbase por asentimento o teito de horas.

7. Aprobación, se procede, da convocatoria de selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas ofertas de emprego público (OEP) de 2018 e 2020 da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao VOAP que pasa a expoñer a proposta.

Prazas: 3 CD (2018) e 5 TU (2020)

Requisitos:

- Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como Profesor/a Contratado/a Doutor ou ben como Profesor/a Titular de Universidade.
- Dispoñer da acreditación I3.
- Ser o ter sido investigadoras/es posdoutorais dalgún dos programas recoñecidos ou equiparados nas convocatorias I3 e que a data de finalización do mesmo sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2021 (sen considerar as prórrogas consecuencia da pandemia do COVID-19).
- Ser ou ter sido persoal investigador distinguido a tempo completo da Universidade de Vigo cunha antigüidade mínima de dous anos na Universidade de Vigo.
- Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

Criterios (prelación):

- En primeiro lugar adxudicaranse as prazas, na categoría solicitada, ás persoas que estiveran contratadas no programa Ramón y Cajal.
- As prazas restantes adxudicaranse aos solicitantes con acreditación a Profesor/a Titular de Universidade seguindo a prelación marcada pola data de dita acreditación, adxudicando en primeiro lugar as prazas de profesorado Titular de Universidade e a continuación as prazas de profesorado Contratado Doutor.
- En caso de quedar algunha praza de profesorado Contratado Doutor sen adxudicar, estas adxudicaranse aos solicitantes con acreditación a Profesor/a Contratado Doutor seguindo a prelación marcada pola data de acreditación.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dun departamento da Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.

Prazo: 2 de febreiro 2021 a 16 de febreiro de 2021.

O reitor subliña que se trata dun acordo da mesa e que non procede a súa modificación. De non ser aprobado, levaríase de novo á mesa. A negociación ten vocación de permanencia e agradece a capacidade de negociación de todas as persoas que interviñeron. Emilio Fernández entende que o acordo é importante e que da seguridade, aínda que os criterios poderían ser outros. Entende que

o acordo tranquiliza ás persoas que inician a súa carreira. Pregunta dúas cuestións concretas: primeiro, entende que o requisito de ter sido persoal distinguido cunha antigüidade mínima debe ser como tal na Universidade de Vigo. A segunda cuestión é si se inclúen as prazas dos que xa son Ramón y Cajal. O VOAP explica que a praza do Ramón y Cajal xa está retirada. En tal caso, Emilio Fernández pregunta se é necesaria a referencia que hai ao respecto no documento. O VOAP di que se manteña para garantir a permanencia do mesmo cara ao futuro.

Eva Lantaron pregunta se se cambian os criterios de saída xeral de prazas para os Axudantes Doutores que serían só de titular unha vez acreditados, e o VOAP aclara que non.

O reitor aclara que procede corrixir o texto no sentido solicitado por Emilio Fernández deste xeito: “Ser ou ter sido durante polo menos dous anos investigador distinguido a tempo completo na Uvigo”

Apróbase por asentimento a convocatoria nos termos propostos.

8. Aprobación, se procede, da modificación das medidas relativas as Condicións de Traxallo do PDI para o curso 2020/21 na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao VOAP, quen fai referencia en primeiro lugar aos puntos 3 e 4 da Instrución da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria do 7 de decembro de 2020, sobre medidas docentes aplicables ao estudantado da Universidade de Vigo por mor da pandemia da COVID-19

“3. Non obstante o indicado, o alumnado con docencia presencial poderá desenvolver a súa actividade docente sen asistir aos centros nos seguintes casos:

- Cando o Reitor así o decreta por motivos sanitarios.
- Cando, tras solicitude correspondente do interesado, a persoa encargada dos aspectos COVID do centro así o autorice.

4. Serán motivos para a dita autorización as seguintes situacións:

- Caso confirmado de contaxio
- Caso de impedimento de asistencia ao centro por síntomas, confinamento o illamento e mentres duren os mesmos.
- Caso de estudantes en situación de vulnerabilidade ao SARS-CoV-2
- Caso de ter ao seu cargo menores de 14 anos que se vexan afectados polo peche de centros escolares
- Caso de ter ao seu cargo maiores dependentes que se vexan afectados polo peche dos centros de maiores.
- Caso de excepción á obrigaón de uso da máscara.
- Caso de conviventes con persoas incluídas en grupos de risco que pola súa gravidade así o xustifiquen. “

A modificación refírese a estes dous últimos casos.

Marta Pazos apunta que houbo cambios na última semana e que presentaron un escrito respecto dalgunhas situacións. Quere deixar constancia dunha petición para que se imparta clase ou ben desde o despacho ou ben desde a súa casa, non desde as aulas. Entende que tal vez a petición deba levarse á mesa. O VOAP entende que estas medidas son estables para todo o curso pero que, a medida que vaian aparecendo situacións especiais, poderán ditarse outras concretas, como é o caso que pregunta Marta Pazos. O VOAP pensa que son aspectos que deben separarse.

O reitor pensa que hai que ter o maior coidado para non contaxiarse, pero que na situación actual as posibilidades de contaxio son moi baixas, polo que non se xustifica que o profesorado non acuda a clase, dado que ademais o PDI ten a obriga de estar 37.5 horas á semana, e non só a docencia, xa que hai investigación, xestión e representación. Vaise estudar o escrito presentado para ver que solucións proceden, sobre todo, en casos concretos de vulnerabilidade. Pon os exemplos do institutos e colexios, onde hai clase. Pensa que daría mala imaxe do profesorado universitario permitir non asistir ao posto de traballo ao PDI. Marta Pazos agradece a intervención do reitor e pensa que deben avaliarse as distintas casuísticas; máis ben falaba de profesores que teñen que cambiar de Campus nalgúns mestrados e que pode chegarse a unha situación de compromiso para certas casuísticas. O reitor lembra que hai unha aplicación que permite deixar constancia da impartición de clase en liña e está de acordo en estudar posibles solucións.

Susana Reboreda comenta que, de continuar as obras de xeotermia, non é posible dar clases no Campus Norte de Ourense. O reitor o estudiará. Esther de Blas comenta que a fase máis ruidosa terminará posiblemente esta semana ou, polo menos, iso comunicou a empresa.

Apróbase, por asentimento, a modificación proposta.

9. Aprobación, se procede, da normativa de uso e funcionamento así como da política de privacidade da Comunidade Alumni-UVigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (en diante, VCAEEU) que pasa a expoñer a proposta:

1. Obxectivo da Comunidade: crear un novo espazo de comunicación que permita manter activo o vínculo entre as persoas tituladas ou outros usuarios:

- Colaborar coas tarefas de coñecemento da situación profesional
- Facilitar a localización de antigo alumnado
- Apoiar na carreira e o prestixio profesional
- Favorecer as relacións de rede de contactos profesionais
- Organizar encontros
- Estreitar vínculos de colaboración entre empresas e institucións
- Facilitar a difusión de ofertas de emprego e/ou de prácticas
- Xerar unha base de datos de profesionais que se consideren expertos
- Promover a acollida de alumnado e titulados que se despracen
- Difundir a cultura do mecenado entre os/as usuarios/as da comunidade Alumni-UVigo
- Difundir accións colectivas de carácter cultural ou social

2. Requisitos de consideración como Alumni-Uvigo:

- Titulados
- PDI
- PAS
- Alumnado de programas de mobilidade
- Alumni-UVigo honorífico
- Alumni-UVigo distinguido
- Amigos Alumni-UVigo

3. Procedemento de solicitude de admisión e rexistro como Alumni-Uvigo:

- Solicitude na web creada www.alumni.webs.uvigo.es
- Verificación co DNI (servicios informáticos)
- Crear un perfil: datos obrigatorios/opcionais e públicos/non públicos
- Roles: EXPERTO / MENTOR / ANFITRIÓN / EMBAIXADOR / MECENAS / PATROCINADOR
- Carné virtual que lle acredita como usuario/a

4. Dereitos e obrigas como Alumni-Uvigo

Dereitos:

- Recibir unha acreditación como usuario/a da comunidade Alumni- Uvigo.
- Difundir o seu perfil entre o resto da comunidade Alumni- Uvigo.
- Establecer contactos co resto de usuarios/as de Alumni- Uvigo.
- Recibir ofertas de emprego que poidan axustarse ao seu perfil.
- Difundir ofertas de emprego e/ou prácticas académicas externas.
- Participar en accións colectivas de carácter cultural, social, electivo, etc.
- Gozar doutras vantaxes (extensión universitaria: cultura e deportes; uso de servizo da biblioteca e préstamo; centro de linguas, área de emprego e emprendemento...).
- Promocionar a súa marca no caso de patrocinador ou mecenas.
- Acceder a recoñecementos, premios, axudas, etc. promovidos pola Comunidade.
- Modificar a información contida no seu perfil e a debida protección de datos.
- Solicitar a súa baixa como usuario da Comunidade.
- Calquera outro dereito poida ser considerado a futuro.

Obrigas:

- Cumprir as presentes Instrucións.
- Comprometerse cos principios e fins da Comunidade.
- Participar, no posible, naqueles roles ou intereses nos que se identificaron.
- Cumprimentar, manter actualizada e validar a información de seu perfil.
- Acreditar a condición de Alumni-UVigo para acceder ás vantaxes.

5. Responsabilidades do servizo e funcións: a Vicerrectoría con competencias en materia de emprego será a responsable de:

- Aprobar e modificar, no seu caso, da presente Normativa.

- Determinar as liñas estratéxicas e plan anual de actuación do servizo.
- Propoñer, organizar e supervisar accións colectivas, eventos, axudas, premios.
- Facilitar a comunicación entre os/as usuarios/as da comunidade e o resto de partes interesadas.
- Propoñer, con carácter anual, as asignacións orzamentarias necesarias.
- Buscar financiación.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigacións.
- Xestionar as altas e baixas dos/ as usuarios/ as.
- Xestionar a páxina web da Comunidade.
- Xestionar ofertas de emprego e/ou prácticas académicas externas.
- Determinar os criterios e as comisións en posibles convocatorias.
- Propoñer e tramitar Alumni-UVigo honoríficos e distinguidos.
- Trasladar á unidade da Vicerreitoría competente as propostas de mecenado.
- Propoñer, no seu caso, o establecemento pagos de inscrición para actividades puntuais

6 y 7. Protección de datos e ferramentas de comunicación.

O documento leva como anexo a política de privacidade.

Francisco Rodríguez pregunta se figurará o centro de procedencia. A vicerreitora responde que si.

Carlos Mollinedo pregunta: “Dita comunidade é unha asociación de antigos alumnos propia ou externa da Universidade? Se é propia da Universidade, esta fai desaparecer a asociación de antigos alumnos da Universidade de Vigo”. A vicerreitora di que é un servizo da UVigo, non unha asociación de antigos alumnos.

A vicerreitora agradece a súa colaboración ao Consello Social no proxecto, dado que financiou tamén a páxina web. Abrirase o próximo día 10.

Apróbase por asentimento.

10. Acordo, se procede, sobre a consideración de “membro da comunidade universitaria” ou de “persoa vencellada” á mesma, en relación coas actividades de extensión universitaria.

O reitor cede a palabra á VCAEEU que pasa a expoñer os termos do acordo que se pretende acadar.

A VCAEEU lembra en primeiro lugar a resolución reitoral de 23 de maio de 2013 pola que se determinan os colectivos que terán a consideración de membros da comunidade universitaria a efectos de beneficiarse na redución da matrícula nas actividades de extensión universitaria da UVigo:

- Alumnado matriculado en titulacións oficiais (centros propios e adscritos)
- Alumnado matriculado en programas de doutoramento
- Alumnado matriculado en teses, PFC,
- Estudantes e profesores de programas/convenios internacionais: Erasmus, cooperación, Investigación, ISEP....
- Estudantes SICUE
- Programa Universitario de Maiores

- PDI e PAS de centros adscritos
 - Tutores de empresas de prácticas académicas externas
 - PDI e PAS con contrato (inclúe: Bolsas de investigación, bolseiros de FP da Xunta e Uvigo, persoal contratado por outra institución para realizar traballos na Uvigo)
 - Exclúese persoal de CITI, Citexvi, Cusa, concesións... (agás uso de instalacións deportivas)
- Presenta de seguido a táboa de prezos que anualmente publica o servizo de deportes e a estrutura da que se parte:

GRUPO A: COMUNIDADE UNIVERSITARIA

1.- ALUMNADO

- Alumnado matriculado en titulacións oficiais de grao
- Alumnado matriculado en titulacións oficiais de mestrado
- Alumnado de doutoramento e realización da tese de doutoramento
- Alumnado do Programa Universitario para Maiores (PUM).
- Estudantes doutras Universidades que se atopen na Universidade de Vigo no marco de programas internacionais
- Aquelas persoas procedentes de programas de mobilidade con outras universidades españolas
- Alumnado de títulos propios da Uvigo
- Alumnado de outras Universidades que se atopen na Universidade de Vigo no marco de convenios de cooperación educativa.

2.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

- Persoal de administración e servizos (PAS)
- Persoal de administración e servizos (PAS) doutras Universidades no marco de programas de intercambio.

3.- PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

- Persoal docente investigador (PDI)
- Persoal investigador visitante na Universidade
- Persoal docente investigador doutras Universidades no marco de programas de intercambio
- Persoas contratadas na Universidade de Vigo con cargo a proxectos de investigación
- Persoal Investigador
- PDI honorífico

GRUPO B: FAMILIARES E COMUNIDADE “ALUMNI-UVIGO”

1. FAMILIAR UNIVERSIDADE DE VIGO

- Cónxuxes ou persoas en análoga relación de convivencia de todos os colectivos que pertencen ao GRUPO A.
- Fillas/fillos de todos os colectivos que pertencen ao GRUPO A.

2. COMUNIDADE “Alumni-Uvigo”

GRUPO C: OUTRAS PERSOAS VENCELLADAS

- Persoal de administración e servizos (PAS) e Persoal Docente investigador (PDI) xubilado
- Persoal de administración e servizos (PAS) e Persoal Docente investigador (PDI) de centros adscritos
- Persoal contratado da Fundación Uvigo:
- Persoal contratado de entidades en concesión administrativa.
- Persoal de empresas externas
- Alumnado Estranxeiro de “Curso Cero”
- Alumnado doutras universidades matriculados en títulos interuniversitarios nos que participa a Universidade de Vigo.
- PDI alleo á Universidade de Vigo do Programa Universitario para Maiores da Universidade de Vigo.
- PDI externo á Universidade de Vigo.
- Persoas egresadas de títulos oficiais da Universidade de Vigo.
- Persoas egresadas de títulos propios da Universidade de Vigo.
- Persoas Xubiladas en xeral.

Apróbase por asentimento a proposta de acordo.

11. Aprobación, se procede, da composición e das funcións da comisión de seguimento do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo.

O reitor sinala que o Plan debe marcar un futuro pero deixa a porta aberta ao seu seguimento e renovación. Polo tanto, agarda que a comisión funcione. A proposta que se presenta está aberta a suxerencias e pódese mudar e incluso podería incluír outras persoas. A proposta é presentada por Elena Rivo López, que lembra previamente as funcións que lle corresponden á comisión e que figuran no propio plan estratéxico. A composición inicia sería:

- Presidente: reitor
- 5 PDI
- 5 PAS
- 5 membros do estudiantado
- 4 decanos/directores
- 4 directores de departamento
- 1 representante do Consello Social
- 1 axentes externos

Procurarase o equilibrio de xéneros, centros e ámbitos.

Susana Reboreda indica que a comisión parécelle moi ampla se non hai comisións delegadas. Opina que sería mellor unha comisión mais pequena que se reunise dúas veces ao ano. Elena Rivo pensa que se pode incrementar o número de reunións. O reitor propón que unha vez se reúna a comisión deseñe o seu propio regulamento de réxime interno. Elena Rivo defende que a composición é axeitada. Jacobo Porteiro indica que, dado o volume de traballo, é necesaria unha composición ampla e logo facer subcomisións e repartir as tarefas. Elena Rivo defende que é necesaria para a



implementación do plan. O reitor indica que se traería ao seguinte Consello de Goberno a selección das persoas.

Apróbase por asentimento a proposta de composición de comisión.

12. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen aclara o seguinte: O artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que é competencia da xunta de centro “elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno...”. O artigo 16 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que lle corresponde ao Consello de goberno “aprobar todas as normativas que non sexan competencia do Claustro”. Tendo en conta que o regulamento foi aprobado pola Xunta de Centro da escola e que o informe da Asesoría Xurídica é favorable, se somete á aprobación do Consello de Goberno. Francisco Torres comenta que o regulamento foi aprobado por unanimidade pola xunta do seu centro, que foi elaborado por unha comisión e que actualiza o regulamento anterior. Aproveita para indicar que derroga outras normas do centro.

Apróbase por asentimento o regulamento da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

13. Informe sobre a Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo correspondente ao ano 2019.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, quen sinala as liñas xerais da Memoria, que foi achegada xunto co resto da documentación e que se atopa pendurada na páxina web da Universidade no seguinte vencello:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/adjunto/download/0a6ec45ced054b222ffe43ba0858e66b297d7d54b2a371e05a4ecfcd8fbd7a8>

A vicerreitora indica que non houbo cambios significativos respecto da metodoloxía empregada en anos anteriores e agradece o seu esforzo á Unidade de Análise e Programas para sacar adiante o documento, salientando algúns dos aspectos máis destacados que figuran no mesmo, como o posicionamento en certos ránkings. Resalta o enfoque participativo na redacción da memoria.

Tratándose dun informe, non procede aprobación neste punto.

14. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios (1): 2 PDI por ámbito de coñecemento; 3 estudantes; 1 PAS.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que cede a palabra ao VOAP que comenta que hai persoas interesadas en formar parte da comisión, aínda que non son membros do Consello de Goberno, polo que propón abrir a posibilidade de que poidan presentar candidaturas outros membros da comunidade universitaria. Francisco Rodríguez intervén para dicir que tentou de presentar a súa candidatura e o VOAP indica que tería preferencia.

Apróbase abrir a comisión

15. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

Non hai candidaturas, polo que non procede facer eleccións.

16. Elección dos/as representantes de estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado(1): 1 representante.

O secretario xeral informa de que presentou a súa candidatura:

- Tamara Fernández Arias

O secretario xeral indica que a candidatura debe cumprir os requisitos establecidos polo artigo 20 do regulamento de réxime interno do Consello de Goberno. Pregunta ao alumnado se aceptan a candidatura e se procede a pedir neste mesmo acto os avales de 10 membros do Consello de Goberno. Mais de 10 membros apoian a candidatura neste acto.

Queda elixida Tamara Fernández Arias

17. Quenda de intervencións.

Iñigo Cuiñas comenta que tal vez sexa o seu último Consello de Goberno, dado que no seu centro están de eleccións, e quere despedirse do órgano. O reitor agradece a Iñigo Cuiñas e afirma que se lle botará de menos. Recibe o saúdo de diversos membros do Consello.

Emilio Fernández quere dar voz a un grupo de profesores do departamento de Matemáticas. Resume a situación e remóntase ao ano 2016 sobre unha revisión de exames, que remata nunha resolución do anterior reitor que firma a sanción. O actual equipo levanta a sanción e ocorren unha serie de actuacións, levando a cabo a corrección por un tribunal externo que acude ao tribunal de garantías e ao xulgado, indicando que non ten lexitimación. A valedora transmítilo ao reitor. Pregunta pola situación ante a valedora dado que estima que non se enviou. O reitor indica que ditou unha resolución o 1 de outubro e que xa se lle enviou á valedora. Emilio Fernández comenta que a resolución non chegou ao departamento. Francisco Javier García Cutrín puntualiza que no é o Departamento de Matemáticas, senón o de Matemática Aplicada.

Juan Pardo Froján comenta o asunto relativo ás medidas recentes publicadas no DOG cara á pandemia, ao entender que a situación pode causar prexuízos ao alumnado, e que a situación debe compatibilizarse coas prácticas en empresas, particularmente importantes no eido industrial. Traslada a preocupación das empresas e do alumnado. O reitor indica que non podemos saltarnos o DOG e que se cambiaron algunhas cousas na resolución reitoral do 27 de xaneiro, tras unha consulta á secretaría xeral. Indica que se preguntará sobre o asunto das prácticas externas, aínda



que lle preocupan máis as internas. Juan Pardo insiste nos prexuízos que se lle pode causar ao alumnado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 h. do día 01 de febreiro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral